



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado
promove bolsas para facer prácticas en empresas estranxeiras


Información e formularios
de inscrición en:

www.xuventude.net
galeuropa@xunta.es



BOLSAS LEONARDO DA VINCI 2010-2012

Programa de aprendizaxe permanente
LEONARDO DA VINCI



XUNTA DE GALICIA

UNHA CHAVE
PARA O TEU FUTURO

xuventude.net





A **Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado**,
da Consellería de Traballo e Benestar,
promove **bolsas para facer prácticas en empresas estranxeiras**:

- entre as **mozas e os mozos galegos/as**, residentes en Galicia,
- con idades comprendidas entre os **18 e 30 anos**.
- no mercado laboral, con **titulación FP** ou con **título universitario** obtido recentemente.
- que coñeza como **mínimo o idioma** do país de destino.



Proceso de inscrición: (Pode solicitarse máis dun país poñendo orde de preferencia)

- Existen unhas **datas de envío de solicitude** para cada período de estancia.
- Enviar o **Currículo Vitae** recente (modelo no documento anexo de cada convocatoria)
- Cubrir a **solicitude de participación** no proceso de selección (anexo de cada convocatoria)
- Asistir á **xornada de selección** o día e hora que se comunique a cada solicitante



Proceso de selección:

- Todas as persoas solicitantes serán convocadas **mediante correo electrónico** a unha xornada selectiva na que terán que facer unha proba de idioma e/ou idiomas para os países nos que se solicita unha bolsa (será obrigatorio facer a proba de idioma de todos os países que se soliciten).
- **Entrevista persoal** de coñecemento de preferencias e itinerario laboral/profesional de cada solicitante.



Sectores prioritarios:

- Moble e Madeira
- Deseño
- Turismo
- Mecánica
- Restauración
- Imaxe e son
- Informática
- Electricidade
- Servizos socioculturais e á comunidade

Onde:

IRLANDA:	80 PARTICIPANTES
FRANCIA:	50 PARTICIPANTES
ITALIA:	40 PARTICIPANTES
HOLANDA:	16 PARTICIPANTES

Para cando: (estas datas son aproximadas, poden sufrir modificacións)

Estarán distribuídos en catro períodos

Estancias entre:

- 10 de xaneiro-25 marzo 2011 (enviar solicitudes desde 4 ao 15 outubro 2010)
- 4 abril- 24 xuño 2011 (enviar solicitudes do 10 ao 25 xaneiro 2011)
- 3 outubro-23 decembro 2011 (enviar solicitudes do 17 ao 30 xuño 2011)
- 9 xaneiro 2012-24 marzo 2012 (enviar solicitudes do 3 ao 14 outubro 2011)

O programa Leonardo da Vinci fai referencia á formación profesional que non sexa do nivel superior.

Os seus obxectivos específicos son:

- 💡 Apoiar os participantes en actividades de formación na adquisición e o uso de coñecementos, competencias e cualificacións con vistas ao desenvolvemento persoal, a empleabilidade e a participación no mercado laboral europeo.
- 💡 Apoiar as melloras da **calidade e a innovación**.
- 💡 Aumentar o atractivo da **formación profesional e da mobilidade**.

A este respecto o programa persigue obxectivos operativos para desenvolver e reforzar:

- A **mobilitade** (tamén cualitativamente) neste ámbito e no da formación continua.
- A **cooperación** (tamén cualitativamente) entre os distintos axentes.
- O **desenvolvemento** de prácticas innovadoras e a súa transferencia entre distintos países.
- A **transparencia e o recoñecemento de cualificacións** e competencias, incluídas as adquiridas por medio do ensino non formal.
- A aprendizaxe de **linguas estranxeiras**.
- O desenvolvemento de contidos, servizos, pedagogías e prácticas innovadoras e baseadas nas **tecnoloxías da información e da comunicación** (TICs)



Leonardo da Vinci concede apoio ás seguintes accións:

- **Mobilidade**, incluída a súa preparación.
- Ás asociacións centradas en temas de **interese mutuo**.
- Aos **proxectos multilaterais**, en particular aos orientados a mellorar os sistemas de formación e centrados na tranferencia de innovacións para adaptarse ás necesidades nacionais ou mediante o desenvolvemento de innovacións e boas prácticas.
- Ás redes temáticas de expertos e organizacións sobre cuestións específicas de **formación profesional**



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, a través do Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos, como entidade cofinanciadora, pon en marcha o proxecto de mobilidade dentro do mercado laboral

MoGal

para mozas e mozos galegos de entre 18 e 30 anos.

PROXECTO: Mobilidade Galega: MoGal



Que se ofrece:

- 10 semanas de prácticas nunha empresa de **Italia, Holanda, Francia ou Irlanda**.
- 2 semanas (40 horas) de **preparación cultural e lingüística** do idioma do país de destino.
- **Certificación** correspondente profesional e académica.
- **Aloxamento** no país de destino.
- Parte da **manutención**.
- **Viaxe** custo real ata un máximo de 200€.
- **Cobertura de seguro** mínima.



Para quen:

- Mozas e mozos galegos/as residentes en Galicia entre 18 e 30 anos.
- Que se atopen no mercado laboral, con titulación FP ou con título universitario obtido recentemente.
- Que nunca gozase dunha bolsa Leonardo da Vinci.
- Que coñezan como mínimo o idioma do país de destino. (Inglés, francés, italiano).

